



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 4*

##### ANUNCIO

Faise público que foi elevado a definitivo, por non se presentar reclamacións o acordo plenario de data 02.06.2022, de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 4 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través de beirarrúas, e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Por tratarse dunha disposición normativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderán impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS, E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

##### **Artigo 1. Fundamento legal**

De conformidade co previsto no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

##### **Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

##### **Artigo 3. Suxeito pasivo**

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresados no anterior artigo.

2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

##### **Artigo 4. Responsables**

1.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e con arranxo ó procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

##### **Artigo 5. Cota tributaria**

1.- A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, segundo o seguinte:

**Tarifa Primeira:**

Por cada entrada ó ano:	Euros
Almacéns ó por maior e fábricas	220,95
Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías	365,50
Establecementos de exposición e venda de vehículos automóbiles	94,60
Garaxes industriais e particulares ao ano: Por cada vehículo que, de conformidade coa licencia obtida, poida aparcarse, cun mínimo de 40,70 €	12,93
Talleres: Mecánicos e de servizos de reparación, pintura e lavados e outros similares	113,05
Outras actividades de tipo comercial	113,05

**Tarifa Segunda:**

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo destinada a estacionamento, ó ano: Concepto	Euros/ml
a) Reservas permanentes para carga e descarga	43,55
b) Reservas de duración limitada: de 8 a 11 horas	22,25
c) Reservas de duración limitada: de 11 a 14 horas	43,55
d) Reservas de duración limitada: de 14 a 16 horas	20,80
e) Reservas de duración limitada: de 16 a 19 horas	43,80

**Tarifa Terceira:**

	Euros
Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano por cada un	86,00

**Tarifa Cuarta:**

Reserva de espazo con carácter temporal, por metro lineal ou fracción de calzada:	Euros
a) Servicio de mudanzas, por día, cun mínimo de 29,67 €	5,15
b) Vehículos de exposición, por día	11,90
c) Outros usos, por día, cun mínimo de 11,34 €	2,00

**Tarifa Quinta:**

Por unidade:	Euros
Por cada peche de rúa	161,60

As reservas estarán sinalizadas coas placas que subministrará o Concello ó prezo de custe das mesmas.

2.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou detrimento do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe, segundo a conta que formule a oficina técnica municipal. Se os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do detrimento dos danados. O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

**Artigo 6. Devengo**

1.- A obriga de pago nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial.

- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados, cando a natureza material da taxa esixa o devengo periódico desta, o mesmo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte rateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comenzo ou cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

No suposto de cese do uso privativo ou aproveitamento especial, os suxeitos pasivos deberán solicitar a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito.

2.- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

#### **Artigo 7. Exencións e bonificacións**

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaren licenza para desfrutar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta Ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda, respecto da taxa regulada pola presente ordenanza.

#### **Artigo 8. Normas de xestión, administración e cobranza**

1.- Os obrigados ao pago declarararán os elementos tributarios que utilicen, especificando as características dos mesmos, e comunicando calquera variación que deba repercutir na contía da tarifa.

2.- Nos supostos nos que resulten de aplicación as tarifas 4ª e 5ª do artigo 5º da presente ordenanza, no momento de presentación da solicitude que inicie o expediente efectuarase pola Administración a liquidación da taxa e posterior notificación ao suxeito pasivo conforme ó disposto na normativa vixente.

Nos supostos nos que resulten de aplicación as tarifas 1ª, 2ª e 3ª do artigo 5º da presente ordenanza, unha vez concedida a licenza ou autorización e comunicada a dita concesión ós servizos económicos municipais, practicarase a liquidación correspondente, que se notificará ao suxeito pasivo conforme ó disposto na normativa vixente.

3.- Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados nos que a taxa ten carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante o alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

4.- Con tódolos aproveitamentos especiais e usos privativos suxeitos a tributación que teñan carácter de periódico formarase anualmente o correspondente padrón, con expresión dos suxeitos pasivos, domicilio a efectos de notificacións, tarifas, cotas e demais datos que se estimen oportunos.

O padrón formarase sobre a base das declaracións dos obrigados ó pago e dos datos obrantes no departamento de servizos económicos.

O padrón someterase, cada ano, á súa aprobación e exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As modificacións que reduzan a cota tributaria, os cambios de titularidade e as baixas que se produzan por cese no uso privativo ou aproveitamento especial, debidamente acreditadas, terán efecto a partir do primeiro día do período impositivo seguinte á data da súa notificación á Administración municipal.

5.- En todo o non previsto nos apartados anteriores, será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral municipal de xestión e recadación, a Lei xeral tributaria, o Regulamento Xeral de Recadación, e demais normas que desenvolvan ditos textos normativos.

#### **Artigo 9. Infraccións e sancións**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación.

Disposición derradeira. Aprobación e vixencia

A modificación da presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello de Fene en data 02.06.2022 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fene, 11 de agosto de 2022

O alcalde

Asdo.: Juventino José Trigo Rey